

# OSCAR A MELLOR BANDA SONORA

## ROBIN DE LOS BOSQUES

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título orixinal</b>         | The Adventures of Robin Hood  |
| <b>Ano</b>                     | 1938  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos  |
| <b>Dirección</b>               | Michael Curtiz e William Keighley   |
| <b>Xénero</b>                  | Aventuras   |
| <b>Actores</b>                 | Errol Flynn, Olivia de Havilland, Basil Rathbone e Claude Rains   |
| <b>Produción</b>               | Warner Bros Pictures  |
| <b>Orzamento</b>               | \$1.900.000   |
| <b>Sinopse</b>                 | Robin de Locksley regresa a Inglaterra tras combater contra os infieis nas Cruzadas. Mentres tanto, Xoán sen Terra usurpou o trono e goberna despoticamente, polo que o nobre saxón decide loitar contra el para devolverlle a coroa ó seu irmán Ricardo.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Oscar</i> a Mellor Banda Sonora, Mellor Montaxe e Dirección Artística.<br><i>Premio Saturn</i> a Mellor Lanzamento de Película Clásica en DVD (2004).  |
| <b>Biografía do compositor</b> | Erich Wolfgang Korngold (1897-1957) foi un director e compositor checo, nacionalizado norteamericano en 1943. Foi un neno prodixio da música e un prestixioso pianista. En Hollywood, chegou a ser un dos compositores mellor valorados da súa época, ilustrando musicalmente películas como <i>Robin de los bosques</i> (1938), <i>El sueño de una noche de verano</i> (1935) ou <i>Magic Fire</i> (1956). |

## EL MAGO DE OZ

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título orixinal</b>         | The Wizard of Oz  |
| <b>Ano</b>                     | 1939  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos  |
| <b>Dirección</b>               | Victor Fleming  |
| <b>Xénero</b>                  | Musical. Fantasía.  |
| <b>Actores</b>                 | Judy Garland, Frank Morgan, Ray Bolger, Jack Haley, Bert Lahr, Billie Burke e Margaret Hamilton   |
| <b>Producción</b>              | Metro-Goldwyn-Mayer   |
| <b>Orzamento</b>               | \$2.800.000   |
| <b>Sinopse</b>                 | Dorothy e o seu can Totó son atrapados por un tornado e terminan en Oz. A nena diríxese polo Camiño Amarelo cara a Cidade Esmeralda, onde vive o todopoderoso Mago de Oz, que pode axudala a volver á súa casa. Polo camiño vaise encontrando amigos e inimigos como o Home de Folladelata, o León Covarde ou o Espantallo.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premios Oscar</i> a Mellor Banda Sonora e Mellor Canción Orixinal.<br><i>Premio Satélite</i> a Mellor DVD Clásico e Mellor DVD Clásico Excepcional (2005) e a Mellor DVD para xoves (2009).<br><i>Premio Saturn</i> a Mellor Lanzamento de Película Clásica en DVD (2006).<br><i>Premio Sierra</i> a Mellor DVD (2009).  |
| <b>Biografía do compositor</b> | Herbert Stothart (1885-1949) foi un compositor estadounidense que comezou como compositor e director de musicais <i>amateurs</i> , ata que deu o salto a Broadway. Alí colleccionou numerosos éxitos, como <i>Rose-Marie</i> , <i>Furs and Frills</i> ou <i>Song of the Flame</i> . En poucos anos, Stothart establecese como o compositor de películas máis importante da MGM. Entre os seus filmes destacan <i>El Mago de Oz</i> (1939), <i>El puente Waterloo</i> (1940) y <i>Los tres mosqueteros</i> (1948), entre outros. |

## PINOCHO

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título orixinal</b>         | Pinocchio   |
| <b>Ano</b>                     | 1940  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos  |
| <b>Dirección</b>               | Norman Ferguson, T. Hee, Wilfred Jackson, Jack Kinney, Hamilton Luske, Bill Roberts e Ben Sharsteen.  |
| <b>Xénero</b>                  | Animación. Aventuras.   |
| <b>Actores</b>                 | -   |
| <b>Produción</b>               | Walt Disney Pictures  |
| <b>Orzamento</b>               | \$2.600.000   |
| <b>Sinopse</b>                 | O inventor Gepetto crea unha marioneta de madeira chamada Pinocho. O seu desexo de que Pinocho se converta nun neno real é outorgado inesperadamente por unha fada. A fada asígnalle a Pepiño o Grilo a "conciencia" de Pinocho para intentar mantelo fóra de problemas ata que se converta nun neno de carne e óso.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premios Oscar</i> a Mellor Banda Sonora e Mellor Canción.  |
| <b>Biografía do compositor</b> | <p>Leigh Harline (1907-1969) foi un compositor estadounidense que organizou a primeira transmisión transcontinental dende Os Ánxeles en 1932 y, nese mesmo ano, uniuse ós Walt Disney Studios. Dende 1941 traballou independentemente entre varios estudos de Hollywood. Escribiu cancións tan populares como <i>Hi-Diddle-Dee-Dee</i>, <i>Jiminy Cricket</i> ou <i>Give a Little Whistle</i>.</p> <p>Paul J. Smith (1906-1985) foi un compositor estadounidense que pasou a maior parte da súa carreira traballando para Disney. Smith tamén fixo a música para a serie <i>Blondie</i> de finais da década de 1940. <i>Blancanieves y los siete enanitos</i> (1937), <i>Don Donald</i> (1937) ou <i>La novia de Pluto</i> (1941) son algunhas das películas nas que participou.</p> <p>Ned Washington (1901-1976) foi un letrista norteamericano que ten as súas raíces no vodevil. En 1934, foi contratado pola MGM e trasladouse a Hollywood, onde escribiu música para numerosas longametraxes. Gañou o Oscar a Mellor Música en 1940 por <i>When You Wish upon a Star</i>, de <i>Pinocho</i>, e en 1952 por <i>High Noon</i>, por <i>A la hora señalada</i>.</p> |

## NACIDA LIBRE

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título orixinal</b>         | Born Free   |
| <b>Ano</b>                     | 1966  |
| <b>País</b>                    | Reino Unido   |
| <b>Dirección</b>               | James Hill  |
| <b>Xénero</b>                  | Aventuras   |
| <b>Actores</b>                 | Virginia McKenna, Bill Travers, Geoffrey Keen, Peter Lukoye, Omar Chambati e Bill Godden  |
| <b>Produción</b>               | Shepperton Studios  |
| <b>Orzamento</b>               | \$2.000.000   |
| <b>Sinopse</b>                 | Despois dunha rolda de vixilancia pola selva de Kenya, George Adamson e a súa muller Joy adoptan a tres crías de león a cuxos pais se viron forzados a matar. Pronto os animais reinan na casa, sobre todo a pequena Elsa. As autoridades interveñen para evitar que os animais supoñan un perigo crecente para a poboación, ata que o matrimonio decide internalos nun zoo.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premios Oscar</i> a Mellor Banda Sonora e Mellor Canción (1966).<br><i>Premio Genesis</i> a Mellor Longametraxe Clásica (1990).<br><i>O National Board of Review</i> incluíuna no Top 10 de mellores películas.  |
| <b>Biografía do compositor</b> | John Barry (1933-2011) foi un compositor británico que comezou a traballar como arreglista para varias bandas musicais da época, ata que formou o seu propio grupo. O seu talento captou a atención dos produtores da película <i>Dr. No</i> , que o contrataron e do que resultou o tema de James Bond. Coñecido por ter un estilo que se basea no uso de instrumentos de vento e metal, así coma nas cordas exóticas, Barry gañou cinco Oscar na súa carreira: dous por <i>Nacida Libre</i> e outros tres por <i>León en inverno</i> (1968), <i>Memorias de África</i> (1985) e <i>Bailando con lobos</i> (1990). |

## MILLIE, UNA CHICA MODERNA

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título</b>                  | Thoroughly Modern Millie  |
| <b>Ano</b>                     | 1967  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos  |
| <b>Dirección</b>               | George Roy Hill   |
| <b>Xénero</b>                  | Musical. Comedia.   |
| <b>Actores</b>                 | Julie Andrews, James Fox, Mary Tyler Moore, Carol Channing e John.  |
| <b>Produción</b>               | Universal Pictures  |
| <b>Orzamento</b>               | \$6.000.000   |
| <b>Sinopse</b>                 | Millie trasládase do campo á cidade en busca de marido. Pronto se converte na secretaria do rico e famoso Trevor Graydon, traba amizade coa señora Dorothy e namórase de Jimmy, un vendedor de xornais.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premio Oscar</i> á Mellor Banda Sonora (1967).<br><i>Globo de Ouro</i> a Mellor Actriz de Reparto para Carol Channing (1967).<br><i>Premio do Sindicato de Guionistas</i> (WGA) a Mellor Guión Musical (1967).   |
| <b>Biografía do compositor</b> | Elmer Bernstein (1922-2004) foi un compositor inglés de música para cine. Protexido de Aaron Copland, co que estudou, as súas composicións mesturan o estilo do jazz e da sinfonía, sendo moi recordadas algunhas como as de <i>Los siete magníficos</i> (1960) ou <i>La gran evasión</i> (1963). |

## HISTORIA DE AMOR

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título orixinal</b>         | Love Story  |
| <b>Ano</b>                     | 1970  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos  |
| <b>Dirección</b>               | Arthur Hiller   |
| <b>Xénero</b>                  | Drama romántico   |
| <b>Actores</b>                 | Ali MacGraw, Ryan O'Neal, Ray Milland, John Marley, Russell Nye, Katherine Balfour e Tommy Lee Jones  |
| <b>Produción</b>               | Paramount Pictures  |
| <b>Orzamento</b>               | \$2.200.000   |
| <b>Sinopse</b>                 | Oliver e Jenny son dous estudantes de Harvard que se namoran, pero unha enfermidade enfrontaralos a algo moito máis grave que as súas diferenzas sociais.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premio Oscar</i> á Mellor Banda Sonora (1970).<br><i>Globo de Ouro</i> a Mellor Drama, Mellor Director, Mellor Banda Sonora, Actriz Dramática e Mellor Guión (1970).   |
| <b>Biografía do compositor</b> | Francis Lai é un compositor francés de bandas sonoras. Influenciado polos ambientes musicais de Montmartre, en 1965 o director Claude Lelouch confioulle a creación da música para a súa película <i>Un hombre y una mujer</i> (1966), coa que gañou varios Oscar. Este escaparate serviulle a Lai para producir outras bandas sonoras, como as de <i>Les uns et les autres</i> (1981) ou <i>Love Story</i> (1970). |

## TIBURÓN

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título</b>                  | Jaws  |
| <b>Ano</b>                     | 1975  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos  |
| <b>Dirección</b>               | Steven Spielberg  |
| <b>Xénero</b>                  | Terror  |
| <b>Actores</b>                 | Roy Scheider, Robert Shaw, Richard Dreyfuss, Lorraine Gary, Murray Hamilton, Carl Gottlieb, Jeffrey C. Kramer, Susan Backlinie e Peter Benchley.  |
| <b>Produción</b>               | Universal Studios   |
| <b>Orzamento</b>               | \$8.000.000   |
| <b>Sinopse</b>                 | Un gran tiburón branco chega ás costas dun balneario de Nova Inglaterra e causa estragos con ataques contra bañistas, ata que un shériff local se une cun biólogo mariño e un vello mariñeiro para cazar ó monstro.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premio Oscar</i> á Mellor Banda Sonora, Mellor Montaxe e Mellor Son (1975).<br><i>Globo de Ouro</i> a Mellor Banda Sonora (1975).<br><i>BAFTA</i> a Mellor Música para John Williams. (1975).<br><i>Grammy</i> ó Mellor Álbum para Película (1975).<br>Premio a Película Favorita nos <i>People Choice Awards</i> (1975).  |
| <b>Biografía do compositor</b> | John Williams é un dos compositores e directores de música máis laureados, prolíficos e premiados dos Estados Unidos. Ademais de colaborar con numerosas orquestras sinfónicas, Williams ilustrou musicalmente máis de cen películas. É famosa a súa sociedade co director Steven Spielberg, que desembocou nalgúns dos filmes máis aclamados de Hollywood: <i>La lista de Schindler</i> (1993), <i>ET: El extraterreste</i> (1982) <i>Tiburón</i> (1975), <i>Parque Jurásico</i> (1993), catro entregas de <i>Indiana Jones</i> ou <i>Salvar al soldado Ryan</i> (1998), entre outras. Das películas nas que participou da man doutros cineastas destacan: as sete películas de <i>Star Wars</i> , as tres primeiras de <i>Harry Potter</i> , <i>Superman</i> (1978), <i>Nacido el 4 de julio</i> (1989), <i>Memorias de una geisha</i> (2005) ou <i>El patriota</i> (2000). Tamén escribiu música para series de televisión como <i>Alcoa Premiere</i> , <i>La hora de los famosos</i> ou <i>Meet the Press</i> . Ademais dos numerosos premios musicais e cinematográficos, Williams conta con numerosos recoñecementos universitarios e incluso deportivos pola contribución á cultura do seu traballo. Actualmente posúe o título de <i>Boston Pops Laureate Conductor</i> , que asumiu despois do seu retiro. |

## LA PROFECÍA

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | The Omen   |
| <b>Ano</b>                     | 1976   |
| <b>País</b>                    | Reino Unido e Estados Unidos   |
| <b>Dirección</b>               | Richard Donner   |
| <b>Xénero</b>                  | Terror   |
| <b>Actores</b>                 | Gregory Peck, Lee Remick, David Warner, Billie Whitelaw, Harvey Stephens, Leo McKern, Patrick Troughton, Robert Rietty e Martin Benson   |
| <b>Produción</b>               | 20th Century Fox   |
| <b>Orzamento</b>               | \$2.800.000  |
| <b>Sinopse</b>                 | Cando Kathy Thorn da a luz a un bebé morto, o seu home Robert ocúltallo e substitúe o por un neno orfo, ignorando a súa orixe satánica. No quinto aniversario do neno comezan a producirse unha serie de mortes que fan que Robert se dea conta de que o neno é o Anticristo e que hai que eliminalo para impedir que se cumpra una terrible profecía.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premio Oscar</i> á Mellor Banda Sonora (1976).<br>Premio a Mellor Actriz para Billie Whitelaw nos <i>Standard British Film Awards</i> (1976).<br>Premio a Mellor Fotografía nos <i>British Society of Cinematographers</i> (1976).  |
| <b>Biografía do compositor</b> | Jerry Goldsmith (1929-2004) foi un dos compositores máis importantes da cinematografía. Este estadounidense veuse influenciado pola obra do seu mestre Miklós Rozsá, compositor da banda sonora de <i>Recuerda</i> (1945) de Hitchcock, e encamiñou a súa carreira musical cara o cine. Aínda que participou en filmes de todos os xéneros, destacou sobre todo no cine fantástico: <i>El planeta de los simios</i> (1968), algunhas da saga <i>Star Trek</i> , <i>La Profecía</i> (1976) ou <i>Alien, el octavo pasajero</i> (1979), entre moitas outras. |

## LA GUERRA DE LAS GALAXIAS: EPISODIO IV: UNA NUEVA ESPERANZA

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título</b>                  | Star Wars: Episode IV: A New Hope   |
| <b>Ano</b>                     | 1977  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos  |
| <b>Dirección</b>               | George Lucas  |
| <b>Xénero</b>                  | Ciencia ficción   |
| <b>Actores</b>                 | Mark Hamill, Harrison Ford, Carrie Fisher, Alec Guinness, Peter Cushing, David Prowse, Peter Mayhew, Anthony Daniels e Kenny Baker  |
| <b>Produción</b>               | Lucasfilm e 20th Century Fox Film Corporation   |
| <b>Orzamento</b>               | \$11.000.000  |
| <b>Sinopse</b>                 | As Forzas Imperiais, baixo as ordes de Darth Vader, reteñen á Princesa Leia como refén nos seus esforzos por acabar coa rebelión contra o Imperio Galáctico. Luke Skywalker e Han Solo traballan xunto cos robots R2-D2 e C-3PO para rescatar á princesa e restaurar a liberdade.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premios Oscar</i> á Mellor Banda Sonora, Mellor Son, Dirección de Arte, Vestiario, Efectos Visuais, Montaxe e Premio Especial ó Mérito.<br><i>Globo de Ouro</i> a Mellor Banda Sonora (1977).<br><i>Premios Saturn</i> a Mellor Actor e Actriz, Vestiario, Dirección, Maquillaxe, Música, Película de Ciencia Ficción, Efectos Especiais, Actor de Reparto, Guión e Edición (1977).<br><i>Premios BAFTA</i> a Mellor Música de Cine e Mellor Son (1977).<br><i>Grammy</i> ó Mellor Álbum para Película (1977).   |
| <b>Biografía do compositor</b> | John Williams é un dos compositores e directores de música máis laureados, prolíficos e premiados dos Estados Unidos. Ademais de colaborar con numerosas orquestras sinfónicas, Williams ilustrou musicalmente máis de cen películas. É famosa a súa sociedade co director Steven Spielberg, que desembocou nalgúns dos filmes máis aclamados de Hollywood: <i>La lista de Schindler</i> (1993), <i>ET: El extraterreste</i> (1982) <i>Tiburón</i> (1975), <i>Parque Jurásico</i> (1993), catro entregas de <i>Indiana Jones</i> ou <i>Salvar al soldado Ryan</i> (1998), entre outras. Das películas nas que participou da man doutros cineastas destacan: as sete películas de <i>Star Wars</i> , as tres primeiras de <i>Harry Potter</i> , <i>Superman</i> (1978), <i>Nacido el 4 de julio</i> (1989), <i>Memorias de una geisha</i> (2005) ou <i>El patriota</i> (2000). Tamén escribiu música para series de televisión como <i>Alcoa Premiere</i> , <i>La hora de los famosos</i> ou <i>Meet the Press</i> . Ademais dos numerosos premios musicais e cinematográficos, Williams conta con numerosos recoñecementos universitarios e incluso deportivos pola contribución á cultura do seu traballo. Actualmente posúe o título de <i>Boston Pops Laureate Conductor</i> , que asumiu despois do seu retiro. |

## EL EXPRESO DE MEDIANOCHE

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título</b>                  | Midnigh Express   |
| <b>Ano</b>                     | 1978  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos e Reino Unido  |
| <b>Dirección</b>               | Alan Parker   |
| <b>Xénero</b>                  | Drama   |
| <b>Actores</b>                 | Brad Davis, John Hurt, Bo Hopkins, Irene Miracle, Randy Quaid, Paolo Bonacelli, Mike Kellin, Michael Ensign, Franco Diogene, Peter Jeffrey, Norbert Weisser, Paul Smith e Kevork Malikyan   |
| <b>Produción</b>               | Columbia Pictures e Casablanca Filmworks  |
| <b>Orzamento</b>               | \$1.800.000   |
| <b>Sinopse</b>                 | O estadounidense Billy Hayes é detido no aeroporto de Istambul cando se dispoñía a subir a un avión con varios paquetes de droga. Acusado dun dos delitos considerados máis graves en Turquía, Billy é condenado a catro anos de cárcere, onde sufrirá numerosas atrocidades.   |
| <b>Premios</b>                 | <ul style="list-style-type: none"><li>• <i>Premios Oscar</i> á Mellor Banda Sonora e Mellor Guión Adaptado (1978).</li><li>• <i>Globo de Ouro</i> a Mellor Película Dramática, Mellor Guión, Mellor Actor de Reparto, Mellor Banda Sonora e Nova Estrela do Ano (actor e actriz) (1978).</li><li>• <i>Premios BAFTA</i> a Mellor Dirección, Edición e Actor de Reparto (1978).</li><li>• Mellor Drama Adaptado para a <i>WGA</i> (1978).</li></ul>  |
| <b>Biografía do compositor</b> | Giorgio Moroder é un compositor italiano pioneiro no eido da música electrónica. Ó longo da súa carreira colaborou con numerosos artistas do talle de Elton John, Barbra Streisand ou David Bowie. Pero destaca tamén por ser responsable dalgunhas recoñecidas bandas sonoras como as de <i>Scarface</i> (1983) ou <i>El expreso de medianoche</i> (1978). Ademais do seu Oscar por esta última, Moroder obtivo un recoñecemento da Academia estadounidense polos temas <i>Flashdance</i> , da película homónima (1983), e por <i>Take My Breath Away</i> , da película <i>Top Gun</i> (1986). |

## UN PEQUEÑO ROMANCE

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | A Little Romance   |
| <b>Ano</b>                     | 1979   |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos   |
| <b>Dirección</b>               | George Roy Hill  |
| <b>Xénero</b>                  | Comedia romántica  |
| <b>Actores</b>                 | Laurence Olivier, Diane Lane, Thelonus Bernard, Arthur Hill, Sally Kellerman, Broderick Crawford, Anna Massey e David Dukes  |
| <b>Produción</b>               | Orion Pictures   |
| <b>Orzamento</b>               | (Non se atoparon datos)  |
| <b>Sinopse</b>                 | Un neno francés e unha nena estadounidense, que van á escola a París, coñécense e comezan un pequeno romance. Fanse amigos de Julius e, nun intento por asegurar o amor dos adolescentes para sempre, os tres viaxan a Venecia para certificarlo baixo a Ponte dos Suspiros.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premio Oscar</i> a Mellor Banda Sonora (1979).<br>Premios a Mellor Actriz Xuvenil e Mellor Película con Xoves nos <i>Young Artist Awards</i> (1979).  |
| <b>Biografía do compositor</b> | Georges Delerue (1925-1992) foi un compositor francés da <i>nouvelle vague</i> , asociado cinematograficamente ó director François Truffaut. Entre os filmes nos que colaboraron ambos artistas pódense destacar <i>Tiren sobre el pianista</i> (1960), <i>Jules y Jim</i> (1962) ou <i>La noche americana</i> (1963). Pero o recoñecemento internacional chegaríalle con <i>Un pequeño romance</i> (1979), de George Roy Hill, coa que gañou o Oscar. |

## FAMA

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título orixinal</b>         | Fame  |
| <b>Ano</b>                     | 1980  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos  |
| <b>Dirección</b>               | Alan Parker   |
| <b>Xénero</b>                  | Musical. Drama.   |
| <b>Actores</b>                 | Irene Cara, Lee Curreri, Laura Dean, Antonia Franceschi, Paul McCrane, Barry Miller, Gene Anthony Ray, Maureen Teefy e Meg Tilly  |
| <b>Produción</b>               | Metro-Goldwin-Mayer   |
| <b>Orzamento</b>               | \$8.500.000   |
| <b>Sinopse</b>                 | Un grupo de mozos músicos e bailaríns prepáranse nunha academia de Nova York para poder triunfar algún día no mundo do espectáculo.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premios Oscar</i> a Mellor Banda Sonora e Mellor Canción Orixinal (1980).<br><i>Globo de Ouro</i> a Mellor Canción Orixinal (1980).<br><i>Premio BAFTA</i> a Mellor Son (1980).  |
| <b>Biografía do compositor</b> | Michael Gore é un compositor norteamericano recoñecido polo seu traballo en películas como <i>Resacón en Las Vegas</i> (2009), <i>Fama</i> (1982) e <i>Sé lo que hicisteis el último verano</i> (1997). Ademais, foi o creador de numerosas cancións para musicais. |

## CARROS DE FUEGO

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | Chariots of Fire   |
| <b>Ano</b>                     | 1981   |
| <b>País</b>                    | Reino Unido  |
| <b>Dirección</b>               | Hugh Hudson  |
| <b>Xénero</b>                  | Drama  |
| <b>Actores</b>                 | Ben Cross, Ian Charleson, Nigel Havers, Cheryl Campbell, Alice Krige, Ian Holm, John Gielgud, Lindsay Anderson, Brad Davis, Dennis Christopher, Nigel Davenport, Peter Egan, Patrick Magee, Kenneth Branagh e Michael Lonsdale   |
| <b>Produción</b>               | Enigma   |
| <b>Orzamento</b>               | \$5.500.000  |
| <b>Sinopse</b>                 | En 1920, Gran Bretaña contaba con dous atletas excepcionais: Harold Abrahams e Eric Lidell. As razóns que os movían a correr era tan diferentes como as súas vidas: pertencían a mundos distintos, tiñan crenzas distintas e corrían por motivos diferentes.   |
| <b>Premios</b>                 | <p><i>Premios Oscar</i> a Mellor Banda Sonora, Película, Guión Orixinal e Vestuario (1981).</p> <p><i>Globo de Ouro</i> a Mellor Película Estranxeira (1981).</p> <p><i>Premios BAFTA</i> a Mellor Película, Interpretación Masculina de Reparto e Vestuario (1981).</p> <p>Premio do Público no <i>Festival de Toronto</i>.</p> <p>Premio a Mellor Fotografía polo <i>Círculo de Actores de NY</i>.</p> <p><i>Grammy</i> a Mellor Interpretación Instrumental de Pop.</p> <p>Premios a Mellor Actor de Reparto e Mención Especial do Xurado no <i>Festival de Cannes</i>.</p> |
| <b>Biografía do compositor</b> | Vangelis é un compositor grego que destaca no campo da música electrónica, traballando con sintetizadores e instrumentos acústicos. Entre as súas obras máis destacadas están as bandas sonoras de <i>Carros de fuego</i> (1981), <i>Blade Runner</i> (1982) e <i>1492: La conquista del paraíso</i> (1992). Ademais, Vangelis foi recoñecido pola gravación de numerosos discos de estudo, así como pola creación de pezas para ballet e teatro.  |

## E. T. EL EXTRATERRESTRE

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título orixinal</b>         | E.T. The Extra-Terrestrial  |
| <b>Ano</b>                     | 1982  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos  |
| <b>Dirección</b>               | Steven Spielberg  |
| <b>Xénero</b>                  | Ciencia ficción   |
| <b>Actores</b>                 | Henry Thomas, Dee Wallace, Robert MacNaughton, Drew Barrymore, Peter Coyote, C. Thomas Howell, K.C. Martel, Sean Frye e Erika Eleniak   |
| <b>Producción</b>              | Universal Pictures  |
| <b>Orzamento</b>               | \$10.500.000  |
| <b>Sinopse</b>                 | Abandonan a un extraterrestre na Terra, pero faise amigo dun neno, que o agocha na súa casa. O rapaz e os seus irmán intentan encontrar a forma de que o extraterrestre regrese ó seu planeta antes de que o encontren os científicos e a policía.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premios Oscar</i> a Mellor Banda Sonora, Son, Edición de Son e Efectos Visuais.<br><i>Globos de Ouro</i> a Mellor Película Dramática e Mellor Banda Sonora.<br><i>Premio BAFTA</i> a Mellor Música.<br>Premio a Mellor Guión Orixinal de Drama para o <i>WGA</i> .<br>Mellor director estranxeiros nos premios <i>David di Donatello</i> .   |
| <b>Biografía do compositor</b> | John Williams é un dos compositores e directores de música máis laureados, prolíficos e premiados dos Estados Unidos. Ademais de colaborar con numerosas orquestras sinfónicas, Williams ilustrou musicalmente máis de cen películas. É famosa a súa sociedade co director Steven Spielberg, que desembocou nalgúns dos filmes máis aclamados de Hollywood: <i>La lista de Schindler</i> (1993), <i>ET: El extraterreste</i> (1982) <i>Tiburón</i> (1975), <i>Parque Jurásico</i> (1993), catro entregas de <i>Indiana Jones</i> ou <i>Salvar al soldado Ryan</i> (1998), entre outras. Das películas nas que participou da man doutros cineastas destacan: as sete películas de <i>Star Wars</i> , as tres primeiras de <i>Harry Potter</i> , <i>Superman</i> (1978), <i>Nacido el 4 de julio</i> (1989), <i>Memorias de una geisha</i> (2005) ou <i>El patriota</i> (2000). Tamén escribiu música para series de televisión como <i>Alcoa Premiere</i> , <i>La hora de los famosos</i> ou <i>Meet the Press</i> . Ademais dos numerosos premios musicais e cinematográficos, Williams conta con numerosos recoñecementos universitarios e incluso deportivos pola contribución á cultura do seu traballo. Actualmente posúe o título de <i>Boston Pops Laureate Conductor</i> , que asumiu despois do seu retiro. |

## ELEGIDOS PARA LA GLORIA

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título orixinal</b>         | The Right Stuff   |
| <b>Ano</b>                     | 1983  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos  |
| <b>Dirección</b>               | Philip Kaufman  |
| <b>Xénero</b>                  | Aventuras   |
| <b>Actores</b>                 | Warner Bros   |
| <b>Produción</b>               | Scott Glenn, Ed Harris, Barbara Hershey, Dennis Quaid, Pamela Reed, Sam Shepard, Kim Stanley, Fred Ward, Veronica Cartwright, David Clennon, Scott Wilson, Donald Moffat, Levon Helm, Jeff Goldblum, Harry Shearer, Charles Frank, Royal Dano, John Dehner, Lance Henriksen e Scott Paulin  |
| <b>Orzamento</b>               | \$27.000.000  |
| <b>Sinopse</b>                 | Conta como Chuck Yeager, un piloto de probas, rompe a barreira do son, o que demostrou que ninguén tiña idea de como executar un programa espacial o como seleccionar persoas para estar nel.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premios Oscar</i> a Mellor Banda Sonora, Son, Efectos de Son e Montaxe. Mellor Película en Lingua Estranxeiras nos <i>Blue Ribbon Awards</i> . Mellor Película non europea nos <i>Bodil Awards</i> .   |
| <b>Biografía do compositor</b> | Bill Conti é un compositor estadounidense de orixe italiano. Foi o director musical das cerimonia de entrega dos Oscar en varias ocasións, aínda que só conseguiu levarse a estatuíña en 1983 polo filme <i>Elegidos para la gloria</i> . Tamén é recoñecido por ser o compositor do tema principal da película <i>Rocky</i> (1976) e de series de televisión míticas dos anos 80 como <i>Falcon Crest</i> ou <i>Dinastía</i> . |

## PASAJE A LA INDIA

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título orixinal</b>         | A Passage to India  |
| <b>Ano</b>                     | 1984  |
| <b>País</b>                    | Reino Unido   |
| <b>Dirección</b>               | David Lean  |
| <b>Xénero</b>                  | Drama   |
| <b>Actores</b>                 | Judy Davis, Victor Banerjee, Peggy Ashcroft, James Fox, Alec Guinness, Nigel Havers, Richard Wilson, Saeed Jaffrey, Art Malik, Michael Culver, Roshan Seth e Clive Swift  |
| <b>Producción</b>              | Columbia Pictures   |
| <b>Orzamento</b>               | \$16.000.000  |
| <b>Sinopse</b>                 | Adela, unha rapaza inglesa, viaxa á India, en compañía da súa futura sogra, para contraer matrimonio cun maxistrado de Chandrapore. A moza quere coñecer a fondo a realidade do país e encontra un guía no doutor Aziz, un médico hindú. Con todo, cando este organiza unha excursión para amosarlle as covas de Marabar, Adela acúsao de molestala e méteno no cárcere.                |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premios Oscar</i> a Mellor Banda Sonora e Mellor Actriz Secundaria.<br><i>Premio BAFTA</i> a Mellor Actriz. Globo de Ouro a Mellor Música, Actriz e Actriz Secundaria.<br>Premios a Mellor Actriz, Director e Película nos NYFCC.<br><i>Premio National Board of Review</i> a Mellor Actor, Actriz, Director e Película.   |
| <b>Biografía do compositor</b> | Maurice Jarre (1924-2009) foi un compositor francés que acadou éxito internacional en 1961, cando o produtor de <i>Lawrence de Arabia</i> (1962) o contratou para poñerlle música á película, dirixida por David Lean, e coa que acadou un Oscar. Xunto co mencionado director, Jarre gañaría dúas estatuíñas máis, con <i>Doctor Zhivago</i> (1965) e <i>Pasaje a la India</i> (1984). |

## MEMORIAS DE ÁFRICA

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | Out of Africa  |
| <b>Ano</b>                     | 1985   |
| <b>País</b>                    | Reino Unido  |
| <b>Dirección</b>               | Sydney Pollack   |
| <b>Xénero</b>                  | Aventuras. Romántico.  |
| <b>Actores</b>                 | Meryl Streep, Robert Redford, Klaus Maria Brandauer, Michael Kitchen, Malick Bowens, Michael Gough, Suzanna Hamilton, Rachel Kempson, Joseph Thiaka e Stephen Kinyanjui  |
| <b>Produción</b>               | Mirage Entertainment e Universal Pictures  |
| <b>Orzamento</b>               | \$31.000.000   |
| <b>Sinopse</b>                 | Karen contrae un matrimonio de conveniencia co barón Blixen Ambos establécense en Kenya co propósito de explotar unha plantación de café. En Karen Blixen nace un apaixonado amor por Denys Finch-Hatton, un home aventureiro e romántico.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premios Oscar</i> : Mellor Banda Sonora, Película, Director, Guión Adaptado, Fotografía, Dirección de Arte e Edición de Son.<br><i>Globos de Ouro</i> : Mellor Banda Sonora, Película Dramática e Actor de Reparto.<br><i>Premios BAFTA</i> : Mellor Guión e Mellor Fotografía.<br><i>Premios David di Donatello</i> : Mellor Película Estranxeira e Actriz Estranxeira.  |
| <b>Biografía do compositor</b> | John Barry (1933-2011) foi un compositor británico que comezou a traballar como arreglista para varias bandas musicais da época, ata que formou o seu propio grupo. O seu talento captou a atención dos produtores da película <i>Dr. No</i> , que o contrataron e do que resultou o tema de James Bond. Coñecido por ter un estilo que se basea no uso de instrumentos de vento e metal, así coma nas cordas exóticas, Barry gañou cinco Oscar na súa carreira: dous por <i>Nacida Libre</i> e outros tres por <i>León en invierno</i> (1968), <i>Memorias de África</i> (1985) e <i>Bailando con lobos</i> (1990). |

## ALREDEDOR DE LA MEDIANOCHE

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título orixinal</b>         | `Round Midnight   |
| <b>Ano</b>                     | 1986  |
| <b>País</b>                    | Francia e Estados Unidos  |
| <b>Dirección</b>               | Bertrand Tavernier  |
| <b>Xénero</b>                  | Musical. Drama.   |
| <b>Actores</b>                 | Dexter Gordon, François Cluzet, Lonette McKee, Christine Pascal, Herbie Hancock, Gabrielle Haker, Sandra Reaves-Phillips, Bobby Hutcherson, Hart Leroy Bibbs e Martin Scorsese  |
| <b>Produción</b>               | Warner Bros e Little Bear   |
| <b>Orzamento</b>               | (Non se atoparon datos)   |
| <b>Sinopse</b>                 | Na noite de París, un músico de jazz asombra á clientela do club <i>Blue Note</i> co son do seu saxo. Fóra do local, un home pobre escóitao entusiasmado. Pronto, a ambos uniraos unha gran amizade.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premios Oscar</i> a Mellor Banda Sonora. Mellor Película Europea nos Bodil Awards.<br><i>Premio David di Donatello</i> a Mellor Actor Estranxeiro. Premio César a Mellor Banda Sonora e Son.   |
| <b>Biografía do compositor</b> | Herbie Hancock é un dos referentes do jazz estadounidense dos anos 70. A súa carreira desenvolveuse maioritariamente fóra do mundo do cine, o que non imposibilitou que conseguise un Oscar en 1986 ca película <i>Alrededor de la medianoche</i> . Tamén participou en outras producións como <i>Deseo de una mañana de verano</i> (1966). |

## EL ÚLTIMO EMPERADOR

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | The Last Emperor   |
| <b>Ano</b>                     | 1987   |
| <b>País</b>                    | China, Italia, Reino Unido e Francia   |
| <b>Dirección</b>               | Bernardo Bertolucci  |
| <b>Xénero</b>                  | Drama  |
| <b>Actores</b>                 | John Lone, Peter O'Toole, Joan Chen, Ying Ruocheng, Victor Wong, Dennis Dun, Ryuichi Sakamoto e Cary-Hiroyuki Tagawa   |
| <b>Produción</b>               | Columbia Pictures, TAO Film, Hemdale Film Corporation e Recorder Pictures Company  |
| <b>Orzamento</b>               | \$23.000.000   |
| <b>Sinopse</b>                 | China está en plena decadencia. Pu Yi, un neno de tres anos, é arrincado dos brazos da súa nai e conducido ata a Cidade Prohibida, onde é coroado emperador. Este terá que vivir recluído dentro dun recinto inaccesible.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premios Oscar:</i> Mellor Banda Sonora, Película, Director, Dirección Artística, Guión Adaptado, Son, Vestiario, Fotografía e Montaxe. <i>Premios BAFTA</i> a Mellor Película, Vestiario e Maquillaxe.<br><i>Premios David de Donatello:</i> Mellor Película, Director, Guión, Produción, Actor de Reparto, Fotografía, Deseño de Produción, Vestiario e Montaxe.   |
| <b>Biografía do compositor</b> | <p>Ryuichi Sakamoto é un compositor e ocasional actor xaponés que acadou éxito internacional tras elaborar a música da película <i>Feliz Navidad, Mr. Lawrence</i> (1983). Posteriormente, gañou un Oscar e un Grammy con <i>El último emperador</i> (1987). Actualmente, está enfocado na súa carreira en solitario.</p> <p>David Byrne é un cantante e cineasta escocés nacionalizado estadounidense. Aínda que é máis coñecido por formar parte da banda punk Talking Heads, tamén traballou como compositor colaborando na película <i>El último emperador</i> (1987).</p> <p>Cong Su é un compositor chino que orientou a súa carreira como mestre de música e teórica. Con todo, participou na creación das bandas sonoras de filmes históricos como película <i>El último emperador</i> (1987), co que acadou o Oscar, e as producións asiáticas <i>Green Tea</i> (2002) e <i>Jasmine Women</i> (2004).</p> |

## UN LUGAR LLAMADO MILAGRO

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | The Milagro Beanfield War  |
| <b>Ano</b>                     | 1988   |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos   |
| <b>Dirección</b>               | David S. Ward e John Nichols   |
| <b>Xénero</b>                  | Drama  |
| <b>Actores</b>                 | Sonia Braga, Rubén Blades, Chick Vennera, John Heard, Christopher Walken, Daniel Stern, Melanie Griffith, Richard Bradford, Julie Carmen, James Gammon e Carlos Riquelme   |
| <b>Producción</b>              | Universal Pictures   |
| <b>Orzamento</b>               | \$22.000.000   |
| <b>Sinopse</b>                 | Milagro é unha pequena vila de Novo México, onde os campesiños viven na miseria por culpa da seca. Un poderoso grupo financeiro decide construír alí un luxoso centro de recreo, que parece que solucionaría a situación. Para obstaculizar o proxecto, José Mondragón empeza a cultivar as súas terras e a regalar con auga que non lle pertence.               |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premio Oscar</i> a Mellor Banda Sonora.   |
| <b>Biografía do compositor</b> | Dave Grusin é un compositor e pianista estadounidense. Ten unha carreira discográfica moi prolífica e destacada no eido do jazz. Pero tamén foi o compositor do tema El Graduado, da película <i>El estanque dorado</i> (1981), <i>Tootsie</i> (1982) e <i>Los Goonies</i> (1985). En 1988, ganou o Oscar pola música de <i>Un lugar llamado Milagro</i> (1988). |

## LA SIRENITA

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | The Little Mermaid   |
| <b>Ano</b>                     | 1989   |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos   |
| <b>Dirección</b>               | John Musker e Ron Clements   |
| <b>Xénero</b>                  | Animación. Musical.  |
| <b>Actores</b>                 | -  |
| <b>Produción</b>               | Walt Disney Pictures   |
| <b>Orzamento</b>               | \$40.000.000   |
| <b>Sinopse</b>                 | Ariel, filla do rei Tritón e princesa das sereas, está a punto de celebrar o seu aniversario. Ca axuda da bruxa Úrsula, Ariel consegue cumprir o seu maior desexo: subir á superficie e coñecer ós seres humanos. Alí salva de morrer afogado a un fermoso príncipe e namórase del.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premios Oscar</i> a Mellor Banda Sonora e Mellor Canción.<br><i>Globo de Ouro</i> a Mellor Banda Sonora e Mellor Canción.<br><i>Premio Grammy</i> a Mellor Canción para Película.   |
| <b>Biografía do compositor</b> | Alan Menken naceu nunha familia de artistas e estudou na New York College of Arts and Sciences onde cambiou varias veces de carreira ata acabar facendo un grado en Musicoloxía. O seu plan tras graduarse era converterse en músico de rock, pero o seu camiño derivou cara a composición. Comezou compoñendo para ballets e musicais de Broadway onde o seu primeiro gran éxito foi <i>Little Shop of Horror</i> (1982). Outro dos seus musicais estrela foi <i>Newsies</i> (1992) co que gañou un Premio Tony. Foi contratado por Disney para <i>La Sirenita</i> (1989) e a partir de aí seguiu compoñendo para Disney en películas como <i>Aladdin</i> (1992), <i>Pocahontas</i> (1995), <i>Hércules</i> (1997) ou <i>Enredados</i> (2011). Tamén é o responsable de levar aos escenarios de Broadway moitas das producións de Disney. |

## BAILANDO CON LOBOS

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título orixinal</b>         | Dances with Wolves  |
| <b>Ano</b>                     | 1990  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos  |
| <b>Dirección</b>               | Kevin Costner   |
| <b>Xénero</b>                  | Western   |
| <b>Actores</b>                 | Kevin Costner, Mary McDonnell, Graham Greene, Rodney A. Grant, Maury Chaykin, Tantoo Cardinal, Wes Studi, Robert Pastorelli, Floyd 'Red Crow' Westerman, Steve Reavis e Charles Rocket  |
| <b>Produción</b>               | Orion Pictures e Tig Productions  |
| <b>Orzamento</b>               | \$22.000.000  |
| <b>Sinopse</b>                 | Trala Guerra de Secesión, o tenente John J. Dunbar diríxese ó seu posto fronteirizo. A soidade impúlsao a entrar en contacto cos indios <i>sioux</i> e a coñecer a "En pé co puño en alto", unha muller branca que foi adoptada pola tribo cando era pequena.   |
| <b>Premios</b>                 | Entre os máis importantes: Premios Oscar a Mellor Banda Sonora, Película, Director, Guión Adaptado, Montaxe, Fotografía e Son. Globo de Ouro a Mellor Película, Director e Guión. Premio a Mellor Película no National Board of Review. Premio a Mellor Guión Adaptado polo WGA.  |
| <b>Biografía do compositor</b> | John Barry (1933-2011) foi un compositor británico que comezou a traballar como arreglista para varias bandas musicais da época, ata que formou o seu propio grupo. O seu talento captou a atención dos produtores da película <i>Dr. No</i> , que o contrataron e do que resultou o tema de James Bond. Coñecido por ter un estilo que se basea no uso de instrumentos de vento e metal, así coma nas cordas exóticas, Barry gañou cinco Oscar na súa carreira: dous por <i>Nacida Libre</i> e outros tres por <i>León en inverno</i> (1968), <i>Memorias de África</i> (1985) e <i>Bailando con lobos</i> (1990). |

## LA BELLA Y LA BESTIA

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | The beauty and the beast   |
| <b>Ano</b>                     | 1991   |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos   |
| <b>Dirección</b>               | Kirk Wise e Gary Trousdale   |
| <b>Xénero</b>                  | Animación  |
| <b>Actores</b>                 | Robby Benson, Paige O'Hara, Rex Everhart, Angela Lansbury, Jerry Orbach  |
| <b>Produción</b>               | Walt Disney Pictures   |
| <b>Orzamento</b>               | 25 000 000   |
| <b>Sinopse</b>                 | O pai dunha xoven está preso por unha besta nun castelo. A súa filla ocupa o seu lugar e ten que convivir coa besta, que en realidade é un príncipe vítima dun feitizo.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Oscar</i> : Mellor Banda Sonora, Mellor canción orixinal<br><i>Globos de Ouro</i> : Mellor banda sonora, Mellor canción orixinal, Mellor película de animación<br><i>Grammy</i> : Mellor álbum de banda sonora para medio visual, Mellor canción escrita para unha película, televisión ou outro medio visual, Mellor interpretación pop vocal por un dúo ou grupo, Mellor interpretación instrumental pop, Mellor álbum para nenos.  |
| <b>Biografía do compositor</b> | Alan Menken naceu nunha familia de artistas e estudou na New York College of Arts and Sciences onde cambiou varias veces de carreira ata acabar facendo un grado en Musicoloxía. O seu plan tras graduarse era converterse en músico de rock, pero o seu camiño derivou cara a composición. Comezou compoñendo para ballets e musicais de Broadway onde o seu primeiro gran éxito foi "Little Shop of Horrors". Outro dos seus musicais estrela foi "Newsies" co que gañou un Premio Tony. Foi contratado por Disney para "La Sirenita", e a partir de aí seguiu compoñendo para Disney en películas como "Aladdin", "Pocahontas", "Hercules" ou "Enredados". Tamén é o responsable de levar aos escenarios de Broadway moitas das producións de Disney. |

## ALADÍN

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | Aladdin  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos   |
| <b>Ano</b>                     | 1992   |
| <b>Dirección</b>               | Ron Clements e John Musker   |
| <b>Xénero</b>                  | Animación  |
| <b>Actores</b>                 | Scott Weinger, Robin Williams, Jonathan Freeman, Linda Larkin  |
| <b>Produción</b>               | Walt Disney Pictures   |
| <b>Orzamento</b>               | 28 000 000\$   |
| <b>Sinopse</b>                 | Está baseada no conto “Aladin e a lámpara maravillosa”. Aladin é un xoven que soña con casar coa princesa Yasmin. O sultán recruta a Aladín para que lle axude a recuperar unha lámpara. Ao recuperala sae un xenio que lle concede tres desexos.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Oscar</i> : Mellor banda sonora orixinal, Mellor canción<br><i>Globos de ouro</i> : Mellor banda sonora, Mellor canción orixinal, Premio á dobraxe.   |
| <b>Biografía do compositor</b> | Alan Menken naceu nunha familia de artistas e estudou na New York College of Arts and Sciences onde cambiou varias veces de carreira ata acabar facendo un grado en Musicoloxía. O seu plan tras graduarse era converterse en músico de rock, pero o seu camiño derivou cara a composición. Comezou compoñendo para ballets e musicais de Broadway onde o seu primeiro gran éxito foi “Little Shop of Horrors”. Outro dos seus musicais estrela foi “Newsies” co que gañou un Premio Tony. Foi contratado por Disney para “La Sirenita”, e a partir de aí seguiu compoñendo para Disney en películas como “Aladdin”, “Pocahontas”, “Hercules” ou “Enredados”. Tamén é o responsable de levar aos escenarios de Broadway moitas das producións de Disney. |

## LA LISTA DE SCHINDLER

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título orixinal</b>         | Schindler's List  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos  |
| <b>Ano</b>                     | 1993  |
| <b>Dirección</b>               | Steven Spielberg  |
| <b>Xénero</b>                  | Drama   |
| <b>Actores</b>                 | Liam Neeson, Ben Kingsley, Ralph Fiennes, Caroline Goodall, Jonathan Sagall   |
| <b>Produción</b>               | Universal Pictures, Amblin Entertainment  |
| <b>Orzamento</b>               | 22 000 000 \$   |
| <b>Sinopse</b>                 | Oskar Schindler, un empresario alemán e membro do partido nazi organiza un plan para subornar a diversos oficias das SS. Logo da invasión de Polonia consegue unha fábrica de Cracovia e contrata a un contable xudeu que ten contactos no mercado negro e que axuda a financiar a factoría. Ademais contrata man de obra xudía porque é máis barata. Logo de ver a brutalidade coa que os nazis asasinan aos xudeus decide salvar o maior número de vidas e pide construír un subcampo de concentración xunto a súa fábrica.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Oscar</i> : Mellor director, Mellor guión baseado, Mellor fotografía, Mellor película, Mellor dirección de arte, Mellor edición, Mellor banda sonora<br><i>Globos de Ouro</i> : Mellor película de Drama, Mellor director, Mellor guión<br><i>BAFTA</i> : Mellor actor de reparto, Mellor guión adaptado, Mellor fotografía, Mellor Edición, Mellor película, Mellor banda sonora<br><i>Grammy</i> : Mellor composición instrumental para película ou televisión   |
| <b>Biografía do compositor</b> | John Williams é un dos compositores e directores de música máis laureados, prolíficos e premiados dos Estados Unidos. Ademais de colaborar con numerosas orquestras sinfónicas, Williams ilustrou musicalmente máis de cen películas. É famosa a súa sociedade co director Steven Spielberg, que desembocou nalgúns dos filmes máis aclamados de Hollywood: <i>La lista de Schindler</i> (1993), <i>ET: El extraterreste</i> (1982) <i>Tiburón</i> (1975), <i>Parque Jurásico</i> (1993), catro entregas de <i>Indiana Jones</i> ou <i>Salvar al soldado Ryan</i> (1998), entre outras. Das películas nas que participou da man doutros cineastas destacan: as sete películas de <i>Star Wars</i> , as tres primeiras de <i>Harry Potter</i> , <i>Superman</i> (1978), <i>Nacido el 4 de julio</i> (1989), <i>Memorias de una geisha</i> (2005) ou <i>El patriota</i> (2000). Tamén escribiu música para series de televisión como <i>Alcoa Premiere</i> , <i>La hora de los famosos</i> ou <i>Meet the Press</i> . Ademais dos numerosos premios musicais e cinematográficos, Williams conta con numerosos recoñecementos universitarios e incluso deportivos pola contribución á cultura do seu traballo. Actualmente posúe o título de <i>Boston Pops Laureate Conductor</i> , que asumiu despois do seu retiro. |

## EL REY LEON

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | The Lion King  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos   |
| <b>Ano</b>                     | 1994   |
| <b>Dirección</b>               | Rob Minkoff e Roger Allers   |
| <b>Xénero</b>                  | Animación  |
| <b>Actores</b>                 | Matthew Broderick, Rowan Atkinson, Whoopi Goldberg, Moira Kelly, Robert Guillaume, Jeremy Irons James Earl Jones, Nathan Lane, Ernie Sabella.  |
| <b>Producción</b>              | Walt Disney Pictures   |
| <b>Orzamento</b>               | 45 000 000\$   |
| <b>Sinopse</b>                 | A acción transcorre na sabana africana onde un león é herdeiro ao trono do seu pai. Cando é acusado de matar o seu pai polo seu tío que quere usurparlle o trono, ten que exiliarse. Durante o desterro intentará regresar para recuperar o que lle corresponde  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Oscar</i> : Mellor banda sonora, Mellor canción orixinal<br><i>Globos de Ouro</i> : Mellor banda sonora, Mellor canción orixinal, Mellor película de animación<br><i>Grammy</i> : Mellor álbum musical para neno, Mellor interpretación masculina de Pop, Mellor arranxo instrumental e vocal                               |
| <b>Biografía do compositor</b> | Hans Zimmer é un compositor alemán pioneiro na integración de música electrónica e orquestral. É considerado un dos compositores máis sobresaíntes de Hollywood. Compuxo bandas sonoras para películas como " <i>Interstellar</i> ", " <i>Gladiator</i> ", " <i>Piratas del Caribe</i> " ou " <i>12 anos de escravitude</i> ". |

## EL VIOLÍN ROJO

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título orixinal</b>         | Le Violon Rouge   |
| <b>País</b>                    | Canadá  |
| <b>Ano</b>                     | 1998  |
| <b>Dirección</b>               | François Girard   |
| <b>Xénero</b>                  | Drama   |
| <b>Actores</b>                 | Samuel L. Jackson, Greta Scacchi, Jason Flemyng, Colm Feore, Carlo Cecchi, Irene Grazioli   |
| <b>Produción</b>               | New Line International Releasing, Channel Four Films, Telefilm Canada, Rhombus Media, Sony Classical, Red Violin Productions Ltd.   |
| <b>Orzamento</b>               | 15 000 000 \$   |
| <b>Sinopse</b>                 | Nun taller de Italia no s. XVII un lutier crea un violín perfecto e barnizado en vermello. A partir dese momento o violín viaxa de Europa a Canadá ata a época actual.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Oscar</i> : Mellor Banda sonora<br><i>Genie (Canadá)</i> Mellor película, Mellor Director, Mellor guión, Mellor deseño de vestuario, Mellor banda sonora, Mellor son, Mellor edición, Mellor fotografía, Mellor dirección de arte.   |
| <b>Biografía do compositor</b> | John Corigliano é un compositor americano de cine e tamén de música orquestral. Fillo de músicos, estudou na Manhattan School of Music. As súas composicións son interpretadas e gravadas polas orquestras, solistas e grupos de cámara máis importantes do mundo. Compuxo tres sinfonías, unha ópera e varios concertos para clarinete, frauta, óboe e piano. Recibiu o Premio Pulitzer pola Sinfonía nº2. |

## TIGRE E DRAGÓN

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | Wo hu cang long  |
| <b>País</b>                    | Taiwán, Hong Kong, China, Estados Unidos   |
| <b>Ano</b>                     | 2000   |
| <b>Dirección</b>               | Ang Lee  |
| <b>Xénero</b>                  | Acción   |
| <b>Actores</b>                 | Chow Yun-Fat, Michelle Yeoh, Zhang Ziyi, Chang Chen, Sihung Lung, Pei-pei Cheng, Fazeng Li, Xian Gao, Yan Hai, Deming Wang   |
| <b>Produción</b>               | Coproducción Taiwán-China-Hong Kong-Estados Unidos, Sony Pictures Classics   |
| <b>Orzamento</b>               | 17 000 000 \$  |
| <b>Sinopse</b>                 | Li Mu Bai e Yu Shu Lien son expertos en artes marciais que están namorados pero non poden estar xuntos. Paralelamente Jen unha aprendiz dunha malvada guerreira anela vivir aventuras e rouba a espada de Li Mu Bai. Ambos intentan recrutala, pero Jen rexeita a súa oferta.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Oscar</i> : Mellor película estranxeira, Mellor banda sonora, Mellor fotografía, Mellor dirección artística<br><i>Globos de Ouro</i> : Mellor película estranxeira, Mellor director de cine de acción<br><i>BAFTA</i> : Mellor película de fala non inglesa, Mellor director, Mellor música, Mellor deseño de vestuario, Premio Anthony Adquith para bandas sonoras,<br><i>Grammy</i> : Mellor álbum de banda sonora para medio visual, |
| <b>Biografía do compositor</b> | Tan Dun é un compositor e director chinés que mestura música clásica, músicas tradicionais do mundo e as novas tecnoloxías. A súa música tócase nas mellores orquestras, teatros e festivais do mundo. Como director traballou en orquestras como a Mahler Chamber Orchestra, a Metropolitan Opera Orchestra ou a Filarmonica della Scala  |

## EL SEÑOR DE LOS ANILLOS: LA COMPAÑÍA DEL ANILLO

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | The Lord of the Rings: the fellowship of the ring  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos   |
| <b>Ano</b>                     | 2001   |
| <b>Dirección</b>               | Peter Jackson  |
| <b>Xénero</b>                  | Fantástico   |
| <b>Actores</b>                 | Elijah Wood, Ian McKellen, Viggo Mortensen, Sean Bean, Orlando Bloom, John Rhys-Davies, Liv Tyler, Cate Blanchett  |
| <b>Produción</b>               | New Line Cineme /Wingnut Films   |
| <b>Orzamento</b>               | 93 000 000 \$  |
| <b>Sinopse</b>                 | Na Terra Media, Sauron ordenou aos elfos que forxaran os Grandes Aneis de Poder para as diferentes razas que a habitaban. Secretamente forxou un Anel Único que ten o poder de escravizar a toda a Terra Media. Frodo, un hobbit, emprende a misión de destruír ese anel mentres é perseguido por Sauron o persigue.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Óscar</i> : Mellor fotografía, Mellor banda sonora, Mellores efectos visuais, Mellor maquillaxe.<br><i>BAFTA</i> : Mellor película, Mellor maquillaxe e perruquería, Mellores efectos visuais, Mellor director.   |
| <b>Biografía do compositor</b> | Howard Shore é un compositor coñecido sobre todo pola súa interpretación sobre o mundo de Tolkien, coa que gañou tres Oscar, catro Grammys e dous Globos de Ouro. Continua compoñendo tanto para filmes como para intérpretes, destacando o concerto de piano Ruin and Memory que fixo para o famosos pianista Lang Lang. Tamén firmou unha ópera <i>The Fly</i> que foi estreada no teatro Chatelet en París no ano 2008. |

## FRIDA

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | Frida  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos, México   |
| <b>Ano</b>                     | 2002   |
| <b>Dirección</b>               | Julie Taymor   |
| <b>Xénero</b>                  | Drama biográfico   |
| <b>Actores</b>                 | Salma Hayek, Alfred Molina, Geoffrey Rush  |
| <b>Produción</b>               | Miramax  |
| <b>Orzamento</b>               | -  |
| <b>Sinopse</b>                 | É un biopic sobre a vida da pintora mexicana Frida Kahlo e a súa relación co seu marido e os seus amantes, entre os que destaca Leon Trotsky.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Oscar</i> : Mellor banda sonora, Mellor maquillaxe<br><i>Globos de Ouro</i> : Mellor banda sonora<br><i>BAFTA</i> : Mellor maquillaxe e perruquería   |
| <b>Biografía do compositor</b> | Elliot Goldenthal é un compositor estadounidense que estudou na Manhattan School of Music. O seu estilo está marcado pola experimentación nas composición e as técnicas pouco convencionais. Tras graduarse especializouse en ballet e a finais dos 80 debutou no cine. Os seus maiores éxitos foron a saga <i>"Alien"</i> , <i>"Entrevista con un vampiro"</i> ou a saga de <i>"Batman"</i> . |

## EL SEÑOR DE LOS ANILLOS: EL RETORNO DEL REY

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | The Lord of the Rings: The Return of the King  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos   |
| <b>Ano</b>                     | 2003   |
| <b>Dirección</b>               | Peter Jackson  |
| <b>Xénero</b>                  | Fantástico   |
| <b>Actores</b>                 | Elijah Wood, Viggo Mortensen, Ian McKellen, Sean Astin, Andy Serkis, Orlando Bloom, Liv Tyler, Cate Blanchett  |
| <b>Produción</b>               | New Line Cinema, Coprodución Estados Unidos-Nova Zelandia  |
| <b>Orzamento</b>               | 94 000 000\$   |
| <b>Sinopse</b>                 | Terceira entrega da triloxía de <i>"El Señor de Anillos"</i> . O señor escuro Sauron céntrase en destruír Gondor, o último reduto dos homes que pertence a Aragorn. Mentres Frodo e Sam continúan o seu camiño cara Mordor para destruír o anel no Monte do Destino.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Óscar</i> : Mellor Película, Mellor director, Mellor dirección de arte, Mellor guión adaptado, Mellor maquillaxe, Mellor deseño de vestuario, mellor banda sonora, Mellor canción orixinal, Mellor son, Mellores efectos visuais, Mellor montaxe<br><i>Globos de Ouro</i> : Mellor película dramática, mellor director, mellor banda sonora, Mellor canción<br><i>BAFTA</i> : Mellor película, mellor guión adaptado, Mellor fotografía, Mellores efectos visuais<br><i>Grammy</i> : Mellor álbum de banda sonora para medio visual, Mellor canción escrita para unha película, televisión ou outro medio visual. |
| <b>Biografía do compositor</b> | Howard Shore é un compositor coñecido sobre todo pola súa interpretación sobre o mundo de Tolkien, coa que gañou tres Oscar, catro Grammys e dous Globos de Ouro. Continua compoñendo tanto para filmes como para intérpretes, destacando o concerto de piano <i>"Ruin and Memory"</i> que fixo para o famoso pianista Lang Lang. Tamén firmou unha ópera <i>"The Fly"</i> que foi estreada no teatro Chatelet en París no ano 2008.   |

## FINDING NEVERLAND

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>País</b>                    | Estados Unidos  |
| <b>Dirección</b>               | Marc Forster  |
| <b>Ano</b>                     | 2004  |
| <b>Xénero</b>                  | Drama   |
| <b>Actores</b>                 | Johnny Depp, Kate Winslet, Freddie Highmore, Julie Christie. Radha Mitchell, Dustin Hoffman   |
| <b>Produción</b>               | Miramax Films   |
| <b>Orzamento</b>               | 25 000 000\$  |
| <b>Sinopse</b>                 | A historia está baseada na vida do autor de “Peter Pan” James Barrie e na súa relación cunha viúva e cos seus catro fillos. Esa familia foi a que inspirou a historia de Peter Pan, xa que un dos nenos da familia non quería medrar. Ademais relata o proceso que seguiu para escribir a obra de teatro e a estrea da mesma. |
| <b>Premios</b>                 | <i>Oscar</i> : Mellor banda sonora  |
| <b>Biografía do compositor</b> | Jan A.P Kaczmarek é un compositor polaco que desenvolveu a maior parte da súa carreira en Estados Unidos. Comezou compoñendo para teatro e logo para a súa orquestra “The Orchestra or the Eight Day” coa que tivo un gran recorrido e mesmo gravou un disco. Compuxo para películas como Quo Vadis ou Hachiko.               |

## BROKEBACK MOUNTAIN

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>País</b>                    | Estados Unidos  |
| <b>Dirección</b>               | Ang Lee   |
| <b>Ano</b>                     | 2005  |
| <b>Xénero</b>                  | Drama   |
| <b>Actores</b>                 | Heath Ledger, Jake Gyllenhaal, Anne Hathaway, Michelle Williams, Randy Quaid  |
| <b>Produción</b>               | Focus Features, River Road Entertainment, Good Machine, Alberta Filmworks   |
| <b>Orzamento</b>               | 14 000 000 \$   |
| <b>Sinopse</b>                 | Dous vaqueiros coñécense mentres fan cola para ser contratados por un rancho. Durante o verán que traballan xuntos coidando gando inician unha relación, pero ao rematar teñen que seguir camiños distintos.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Oscar</i> : Mellor director, Mellor guión adaptado, Mellor Banda sonora<br><i>Globos de Ouro</i> : Mellor película de drama, Mellor director, Mellor guión, Mellor canción orixinal.<br><i>BAFTA</i> : Mellor película, Mellor director, Mellor actor de reparto, Mellor guión adaptado  |
| <b>Biografía do compositor</b> | Gustavo Santaolalla é un compositor e música arxentino. O seu traballo combina música rock, folk, pop, ritmos africanos e música popular latinoamericana. Nos anos 90 a súa produción con diversos artistas foi clave para o boom do rock latinoamericano. Compuxo bandas sonoras para películas como “Babel” ou “Amores perros”. |

## BABEL

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>País</b>                    | Estados Unidos   |
| <b>Dirección</b>               | Alejandro González Iñárritu  |
| <b>Ano</b>                     | 2006   |
| <b>Xénero</b>                  | Drama  |
| <b>Actores</b>                 | Brad Pitt, Cate Blanchett, Gael García Bernal, Koji Yakusho, Elle Fanning  |
| <b>Produción</b>               | Paramount Pictures, Paramount Vantage, ANonymous Content, Zeta Films, Central Films  |
| <b>Orzamento</b>               | 25 000 000 \$  |
| <b>Sinopse</b>                 | Dous nenos marroquís proban un rifle do seu pai apuntando cara un autobús de turistas e feren a unha muller norteamericana. Isto fai que tres persoas en tres partes do mundo vivirán sucesos relacionados entre sí pero sen coñecerse.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Oscar</i> : Mellor banda sonora<br><i>Globos de Ouro</i> : Mellor película de drama<br><i>BAFTA</i> : Mellor banda sonora   |
| <b>Biografía do compositor</b> | Gustavo Santaolalla é un compositor e música arxentino. O seu traballo combina música rock, folk, pop, ritmos africanos e música popular latinoamericana. Nos anos 90 a súa produción con diversos artistas foi clave para o boom do rock latinoamericano. Compuxo bandas sonoras para películas como "Brokeback Mountain" ou "Amores perros". |

## ATONEMENT

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>País</b>                    | Reino Unido   |
| <b>Dirección</b>               | Joe Wright  |
| <b>Ano</b>                     | 2007  |
| <b>Xénero</b>                  | Drama bélico  |
| <b>Actores</b>                 | Keira Knightley, James McAvoy, Romola Garai, Saoirse Ronan, Vanessa Redgrave  |
| <b>Produción</b>               | Working Title Films, Universal Pictures, Studio Canal, Relativity Media   |
| <b>Orzamento</b>               | 30 000 000 \$   |
| <b>Sinopse</b>                 | En 1935 unha escritora de 13 anos Briony Tallis acusa ao amante da súa irmá dun crime que non cometeu.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Oscar</i> : Mellor banda sonora<br><i>Globos de Ouro</i> : Mellor película de drama, Mellor banda sonora<br><i>BAFTA</i> : Mellor película, Mellor deseño de produción   |
| <b>Biografía do compositor</b> | Dario Marianelli é un compositor italiano que estudou piano e composición en Florencia e Londres. Completou a súa formación en Alemaña e traballou para a BBC antes de dar o salto ao cine. Compuxo as bandas sonoras de películas como Ágora, V de Vendetta, La pesca del salmón en Yemen ou Ana Karenina. |

## SLUMDOG MILLIONAIRE

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título orixinal</b>         | Slumdog Millionaire   |
| <b>País</b>                    | Reino Unido   |
| <b>Ano</b>                     | 2008  |
| <b>Dirección</b>               | Danny Boyle e Loveleen Tandan   |
| <b>Xénero</b>                  | Drama   |
| <b>Actores</b>                 | Dev Patel, Freida Pinto, Madhur Mittal, Anil Kapoor, Irrfan Khan  |
| <b>Produción</b>               | Fox Searchlight, Celador Films, Film4, Pathé Pictures International   |
| <b>Orzamento</b>               | 15 000 000\$  |
| <b>Sinopse</b>                 | Un adolescente pobre dos suburbios de Bombay participa na versión hindú do programa “Quen quere ser millonario”. Está a punto de gañar o premio máximo do concurso cando é detido pola policía, que pensa que está facendo trampas.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Oscar</i> : Mellor película, Mellor Director, Mellor guión adaptado, Mellor banda sonora, Mellor canción orixinal; Mellor fotografía, Mellor montaxe, Mellor son.<br><i>Globos de Ouro</i> : Mellor película, Mellor director, Mellor guión, Mellor banda sonora<br><i>BAFTA</i> : Mellor película, Mellor director, Mellor guión adaptado, Mellor banda sonora, Mellor fotografía, Mellor montaxe, Mellor son |
| <b>Biografía do compositor</b> | A.R. Rahman é un compositor, músico e produtor hindú. Comezou compoñendo música para anuncios de televisión, pasando logo a poñer música a diversos filmes hindús. Ademais colaborou con Mick Jagger nun banda chamado SuperHeavy.  |

## UP

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | UP   |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos   |
| <b>Ano</b>                     | 2009   |
| <b>Dirección</b>               | Pete Docter e Bob Peterson   |
| <b>Xénero</b>                  | Animación  |
| <b>Actores</b>                 | Edward Ansen (voz), Jordan Nagai (voz),  |
| <b>Produción</b>               | Pixar Animation Studios e Walt Disney Pictures   |
| <b>Orzamento</b>               | 175 000 000 \$   |
| <b>Sinopse</b>                 | Carl Fredricksen é un viúvo ao que intentan enviar a unha residencia para poder construír edificios no seu terreo. En lugar diso Carl enganxa miles de globos á súa casa e sae voando cara as ferverzas Paraíso para cumprir o soño da súa muller, na compañía dun neno scout.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Oscar</i> : Mellor película de animación, Mellor banda sonora<br><i>Globos de Ouro</i> : Mellor filme de animación, Mellor banda sonora<br><i>BAFTA</i> : Mellor película de animación, Mellor banda sonora   |
| <b>Biografía do compositor</b> | Michael Giacchino é un compositor estadounidense asiduo das películas de Pixar, como Los Increíbles, Inside Out ou Ratatouille. Nos seus inicios foi coñecido polas partituras duns videoxogos ambientados na Segunda Guerra Mundial. Compuxo bandas sonoras para películas como Star Trek, Misión Imposible ou Super 8 de J.J Abrams. |

## LA RED SOCIAL

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | The Social Network   |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos   |
| <b>Ano</b>                     | 2010   |
| <b>Dirección</b>               | David Fincher  |
| <b>Xénero</b>                  | Drama  |
| <b>Actores</b>                 | Jesse Eisenberg, Andrew Garfield, Justin timberlake, Armie Hammer  |
| <b>Produción</b>               | Columbia Pictures, Relativity Media, Scott Rudin Productions, Michel de Luca Productions, Trigger Street Productions   |
| <b>Orzamento</b>               | 50 000 00 \$   |
| <b>Sinopse</b>                 | A película conta como Mark Zuckerberg, alumno de Harvard , crea Facebook e o que sucede seis anos despois cando Zuckerberg é o millonario mais xoven da historia.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Oscar</i> : Mellor guión, Mellor montaxe, Mellor banda sonora<br><i>Globos de Ouro</i> : Mellor película, Mellor director, Mellor guión e Mellor música<br>BAFTA: Mellor director, Mellor guión orixinal e Mellor montaxe.  |
| <b>Biografía do compositor</b> | Trent Reznor é un compositor, produtor e músico estadounidense que pertence á banda Nine Inch Nails. O estilo no que se move é o rock alternativo.<br>Atticus Ross é un músico e compositor inglés especializado en produción e mesturas. Colaborou con Reznor como programador en álbums de Nine Inch Nails.<br>Ambos participaron en varias películas xuntos, como 47 Ronin e Gone Girl logo de conseguir o Oscar con The Social Network |

## THE ARTIST

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título orixinal</b>         | The Artist  |
| <b>País</b>                    | Francia   |
| <b>Ano</b>                     | 2011  |
| <b>Dirección</b>               | Michael Hazanavicius  |
| <b>Xénero</b>                  | Comedia. Drama  |
| <b>Actores</b>                 | Jean Dujardin, Bérénice Bejo, James Cromwell, John Goodman, Penelope Ann Miller   |
| <b>Produción</b>               | Thomas Langmann, Wildbunch, La Petite Reine, Studio 37, La Classe Américaine, JD Prod, France3 Cinéma, Jouror Production, uFilms  |
| <b>Orzamento</b>               | 15 000 000 \$   |
| <b>Sinopse</b>                 | Unha gran estrela do cine mudo ve como a súa carreira corre perigo coa chegada do cine sonoro mentres unha xoven actriz que comezara como extra s converte nunha estrela do cine sonoro.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Oscar</i> : Mellor película, Mellor director, Mellor actor, Mellor banda sonora, Mellor vestuario<br><i>Globos de Ouro</i> : Mellor película comedia, Mellor actor, Mellor banda sonora.<br>BAFTA: Mellor película, mellor director, mellor guión orixinal.                                |
| <b>Biografía do compositor</b> | Ludovic Bource é un compositor francés coñecido sobre todo polas súas bandas sonoras. Colabora dende hai moitos anos con Michel Hazanavicius, compoñendo a banda sonora para a gran parte das súas películas. Foi convidado para formar parte da Academy of Motion Picture Arts and Sciences. |

## LA VIDA DE PI

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | Life of Pi   |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos   |
| <b>Ano</b>                     | 2012   |
| <b>Dirección</b>               | Ang Lee  |
| <b>Xénero</b>                  | Drama  |
| <b>Actores</b>                 | Suraj Sharma, Irrfan Khan, Tabu, Adil Hussain, Shravanthi Sainath  |
| <b>Produción</b>               | Fox 2000 Pictures, Haishang Films  |
| <b>Orzamento</b>               | 160 000 000 \$   |
| <b>Sinopse</b>                 | Pi é un xoven hindú fillo dun garda de zoo que viaxaba da India a Canadá. Tras un naufraxio sobrevive grazas a un bote salvavidas no que tamén se encontraba un dos tigres do zoo.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Oscar</i> : Mellor director, Mellor fotografía, Mellores efectos visuais, Mellor banda sonora<br><i>Globos de Ouro</i> : Mellor banda sonora orixinal<br><i>BAFTA</i> : Mellor fotografía, Mellores efectos visuais   |
| <b>Biografía do compositor</b> | Mychael Dana é un compositor nado en Canadá. Estudou composición na Universidade de Toronto, e destaca por mesturar música orquestral con electrónica con músicas tradicionais non occidentais. Colaborou en varios filmes con Ang Lee, co que gañou un Globo de Ouro e un Oscar e participou nunha mini-series "World Without End" coa que gañou un Emmy. |

## GRAVITY

|                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Título orixinal</b>         | Gravity   |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos  |
| <b>Ano</b>                     | 2013  |
| <b>Dirección</b>               | Alfonso Cuarón  |
| <b>Xénero</b>                  | Ciencia ficción   |
| <b>Actores</b>                 | Sandra Bullock, George Clooney  |
| <b>Produción</b>               | Warner Bors. Pictures , Esperanto Filomj, Heyday Films  |
| <b>Orzamento</b>               | 100 000 000 \$  |
| <b>Sinopse</b>                 | Dous astronautas que están reparando un satélite son alcanzados por lixo espacial que esnaquiza parte da nave que tiña que levalos de volta á Terra. Ambos quedan flotando no espazo completamente sos mentres buscan unha forma de volver á Terra.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Óscar</i> : Mellor director, Mellor fotografía, Mellor Montaxe, Mellor banda sonora, Mellor edición de son, Mellor mestura de son, mellores efectos visuais.<br><i>Globos de Ouro</i> : Mellor director<br><i>BAFTA</i> : Mellor película británica, Mellor director, Mellor banda sonora, Mellor fotografía, Mellor son, Mellores efectos visuais   |
| <b>Biografía do compositor</b> | Steven Price é un compositor británico que estudou no Emmanuel College en Cambridge. Logo de graduarse foi traballar nun estudio de gravación onde puido tocar en álbums de artistas como Bono. Despois empezou a traballar para o compositor Trevor Jones e axudouno en filmes como "La liga de los hombres extraordinarios" ou "La vuelta al mundo en 80 días". Unha recomendación de Abbey Road Studios levouno a traballar con Howard Shore en películas como "El señor de los anillos" ou "Batman Begins". |

## GRAN HOTEL BUDAPEST

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | The Grand Budapest Hotel   |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos, Reino Unido, Alemaña   |
| <b>Ano</b>                     | 2014   |
| <b>Dirección</b>               | Wes Anderson   |
| <b>Xénero</b>                  | Comedia  |
| <b>Actores</b>                 | Ralph Fiennes, Tony Revolori, F. Murray Abraham, Mathieu Amalric, Adrien Brody...  |
| <b>Produción</b>               | Scott Rudin Productions/ Indian Paintbrush/ American Empirical Pictures/Studio Babelsberg  |
| <b>Orzamento</b>               | 31.000.000 \$  |
| <b>Sinopse</b>                 | No período de entre guerras un conserxe dun hotel europeo faise amigo dun empregado co que loitará por conseguir a herdanza dunha das súas amantes.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Óscar</i> : Mellor banda sonora, Mellor deseño de produción, Mellor maquillaxe e peluquería e Mellor deseño de vestiario<br><i>BAFTA</i> : Mellor guión orixinal, Mellor banda sonora, Mellor deseño de produción, Mellor deseño de vestiario, Mellor maquillaxe e perruquería.<br><i>Grammy</i> : Mellor banda sonora para Medios Visuais  |
| <b>Biografía do compositor</b> | Alexandre Desplat é un compositor de cine francés. Criouse escoitando a compositores como Ravel e Debussy, pero sen deixar de lado outros estilos como o jazz. Estivo nominado oito veces aos Óscar por películas como The Queen ou Argo. Gañou dous premios BAFTA e dous Grammy polas bandas sonoras de El Discurso del Rey e Gran Hotel Budapest. Ademais participou nas dúas últimas películas de Harry Potter, que se converteron nunhas das películas que máis recadaron da historia. |

## LOS ODIOSOS OCHO

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | The Hateful Eight  |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos   |
| <b>Dirección</b>               | Quentin Tarantino  |
| <b>Ano</b>                     | 2015   |
| <b>Xénero</b>                  | Western, Intriga   |
| <b>Actores</b>                 | Samuel L. Jackson, Kurt Russell, Jennifer Jason Leigh, Walton Goggins, Tim Roth, Demian Bichir, Michael Madsen, James Parks.   |
| <b>Produción</b>               | The Weinstein Company, Double Feature Films, Film Colony   |
| <b>Orzamento</b>               | 44 000 000 \$  |
| <b>Sinopse</b>                 | Un cazarrecompensas e unha fuxitiva cruzan Wyoming cando se encontran con un exsoldado da Unión e un sureño que se fai chamar sheriff. Ameazados por unha tormenta buscan refuxio no Refuxio Minnie, onde atopan catro persoas máis atrapadas.   |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premios Óscar:</i> Mellor banda sonora<br><i>Globos de Ouro:</i> Mellor banda sonora<br><i>Bafta:</i> Mellor banda sonora   |
| <b>Biografía do compositor</b> | Ennio Morricone é un compositor e director de orquesta italiano. Compuxo a banda sonora de máis de 500 películas e series de televisión. A súa obra exténdese por multitude de xéneros, sendo un compositor moi versátil. Nos seus inicios compuxo para as películas dun amigo da infancia Sergio Leone, para o que seguiu compoñendo co paso do tempo. Bandas sonoras que compuxo para películas como Cinema Paradiso de Giuseppe Tornatore, La misión de Roland Joffé ou Los Intocables de Elliot Ness, de Brian de Palma, considéranse obras mestras. |

## LA LA LAND

|                                |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Título orixinal</b>         | La La Land   |
| <b>País</b>                    | Estados Unidos   |
| <b>Ano</b>                     | 2016   |
| <b>Dirección</b>               | Damien Chazelle  |
| <b>Xénero</b>                  | Musical  |
| <b>Actores</b>                 | Ryan Gosling, Emma Stone   |
| <b>Produción</b>               | Summit Entertainment/ Gilbert Films  |
| <b>Orzamento</b>               | 30 000 000 \$  |
| <b>Sinopse</b>                 | A película conta a historia de Mia, unha camareira de Hollywood que aspira a ser unha gran actriz, e Sebastian un músico de jazz que quere abrir o seu propio club de jazz.  |
| <b>Premios</b>                 | <i>Premios Óscar:</i> Mellor actriz protagonista, Mellor director, Mellor Banda Sonora, Mellor Canción orixinal, Mellor fotografía, Mellor deseño de produción<br><i>Globos de Ouro:</i> Mellor película comedia ou musical, Mellor director, Mellor actor de comedia ou musical, Mellor actriz de comedia ou musical, Mellor guión, Mellor banda sonora, Mellor canción orixinal.<br><i>BAFTA:</i> Mellor película, Mellor director, Mellor actriz, Mellor fotografía, Mellor música, |
| <b>Biografía do compositor</b> | Justin Hurwitz naceu en Los Ángeles en 1985. Hurwitz coñeceu a Damien Chazelle, director de La La Land, na universidade de Harvard onde tocaban na mesma banda, e dende aquela compón para as películas do seu amigo, como Whiplash e La La Land.  |